

## TÉCNICO/A PARA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS)** abre un proceso de selección para cubrir o posto de **TÉCNICO/A para o desenvolvemento do Plan de sensibilización e formación en Corresponsabilidade “Moito que facer”**, no marco do programa “Currunchiños de Conciliación” do Plan Corresponsables, financiado polo Ministerio de Igualdade a través da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

O Plan consiste nunha serie de xornadas itinerantes polas catro provincias galegas, a realizar nun total de 24 localidades distintas, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2024, co obxectivo de achegar a realidade das familias monoparentais galegas á poboación, e sensibilizala na importancia de que a igualdade, a conciliación e a corresponsabilidade se entendan tendo en conta a diversidade familiar da nosa sociedade.

### Descrición do posto

En dependencia e co apoio da Dirección da entidade, a persoa seleccionada ocuparase do **deseño, planificación e execución do Plan de sensibilización e formación “Moito que facer”**. Alternará o traballo de oficina coa realización das actividades programadas nas xornadas itinerantes (charlas informativas, faladoiros e puntos de asesoramento) en distintas localidades galegas. Principais tarefas a realizar:

- Elaboración do material formativo.
- Relación cos concellos e organismos para a xestión de espazos, permisos, etc.
- Xestión de incidencias, inscricións, follas de asistencia, etc. de persoas beneficiarias.
- Elaboración da memoria final do plan e das accións formativas.
- Supervisión das actividades, con orientación ao cumprimento dos obxectivos do proxecto.
- Impartición de charlas (presenciais e virtuais) e dinamización de faladoiros.
- Preparación do espazo para a realización das actividades, montaxe e recollida do material (equipamento, material informativo e cartelería, cadeiras, carpa plegable, etc.)
- Asesoramento e información ao público en stand.
- Atención a nenos, nenas e público en xeral que asista ás actividades.

### Requisitos

- Licenciatura ou grao en estudos da rama social.
- Valorarase formación en materia xurídica relacionada con conciliación.
- Valorarase formación engadida en igualdade e diversidade familiar.
- Dominio do galego falado e escrito.
- Dominio Office (word e excel).
- Coche propio.
- Disponibilidade para mobilidade xeográfica por toda Galicia (os días con actividades programadas).
- Disponibilidade para traballar en fins de semana.
- Certificado de penais para traballar con menores.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado ou activismo.
- Valorarase pertencer a unha familia monoparental.

## Competencias

- Facilitade de comunicación oral e escrita.
- Fiabilidade técnica e persoal.
- Dinamismo, autonomía e proactividade.
- Adaptabilidade para a multitarefa e flexibilidade ante o cambio.
- Resiliencia para traballar con prazos axustados e recursos limitados.
- Identificación cos valores e misión de FAGAMOS.
- Empatía e compromiso co equipo de traballo, persoas socias e persoas beneficiarias da entidade.

## Condições da contratación

- Contrato 3 meses (xullo a setembro)
- Xornada parcial (30 horas semanais)
- O contrato será obxecto de financiación a través do Plan Corresponsables
- Incorporación inmediata
- Lugar de traballo: Noia (A Coruña)
- Posibilidade de alternar con teletraballo e flexibilidade horaria (excepto días de actividades programadas)
- Convenio Acción e intervención social
- Salario + kilometraxo

Enviar candidatura a [info@fagamos.com](mailto:info@fagamos.com). ata o día 26 de xuño de 2024 inclusive, co asunto “**Selección Plan Sensibilización Corresponsables + NOME E APELIDOS**”, achegando coa mensaxe:

- **CV actualizado**
- **Escrito expoñendo as razóns** polas que a persoa candidata considera que sería un acerto para FAGAMOS contar con ela para levar a cabo o Plan de sensibilización e formación en Corresponsabilidade “Moito que facer” (máximo un folio).